

AS ARTES PLÁSTICAS NA 2ª METADE DO S.XX: ENTRE A ABSTRACCIÓN E O NOVO REALISMO.

A ARTE DESPOIS DE 1945.

Na década dos 50, surxen novos movementos pictóricos agrupados arredor do foco de Nova York, perdendo París a súa primacía artística polo exilio dos artistas a EEUU a causa da 2ª guerra mundial. A nova reorganización política e económica do mundo de posguerra, supón a perda da hexemonía europea e a disolución das vangardas artísticas co conseguinte desprazamento da capitalidade artística.

Os artistas expulsados de Europa polo nazismo, serán o xerme da futura arte americana, destacando os surrealistas Bretón, Dalí e Ernst, ou os abstractos Mondrian e Leger.

En EEUU identifícase fascismo con barbarie e destrución de toda a cultura e arte, por iso hai un rexeitamento a esa ideoloxía e unha defensa da arte moderna.

Os acontecementos clave para a creación deste foco cultural americano son os seguintes:

- O afán coleccionista de obra europea por parte de adifeirados xudeos norteamericanos (sobre todo Picassos ou Matisses).
- A creación de museos de arte moderna, como o Guggenheim, ou o MOMA, en Nova York.
- A vitalidade das galerías que expoñen arte moderna, dándolle gran publicidade.
- O apoio estatal, coa creación do FAP (Federal Art Profet), con axudas económicas para os artistas e encargos oficiais (decoracións, muráis).

Dentro deste período dos derradeiros 50 anos podemos establecer dous grandes períodos: a) 1ª etapa (1942-1968), das segundas vangardas; b) 2ª etapa (1968-90), das tendencias posmodernas (op art, arte cinética, hiperrealismo).

O EXPRESIONISMO ABSTRACTO AMERICANO: POLLOCK.

É o primeiro estilo americano da arte moderna, iniciándose arredor de 1947, por un grupo de artistas da Escola de Nova York, como reacción fronte a ansiedade social causada polo nuclearismo e a guerra fría.

Estos artistas apártanse da linguaxe figurativa e do mundo material, creando unha arte de marcado acento individual, influenciada polo surrealismo e a abstracción. É unha arte na que o artista da renda solta ó seu estado de ánimo e as súas diferentes sensacións (desengano, dor, anguria, rabia).

Os artistas rompen co formato tradicional do cadro de caballete, utilizando murais de grandiosa escala, cunha pintura que resulta impactante. As ensinanzas de Hoffman, pintor alemán da 1ª vangarda americana, Terán unha grande influencia neste movemento, no que destacan as figuras de Pollock, de Kooning, Marc Rothko e Asille Gorky.

Jackson Pollock (1912-56), é a figura mítica do movement de posguerra a través das súas intensas composicións realizadas en grandes muráis.

Recibe a influencia de Picasso e das primitivas pinturas dos indios americanos, realizando a partir de 1947 **unha pintura convulsa cunha técnica chamada “Dripping”** (chorreo ou goteo), **consistente en colocar a tea no chán e deixar caer a pintura sobre ela a través do tubo ou dunha lata aburatada, invadindo todo o lenzo con cores**, como si fose un poseso, **creando un laberinto de liñas que se entrecruzan**, atopándose e volvéndose a separar.

O artista móvese arredor da tea descargando a pintura de forma xestual e automática, valorando a materia **nunha tearaña xigantesca de liñas e cores** (como facían os indios navajos nas súas pinturas sobre a área).

O ollo humano non pode deterse en ningún punto ante as obras de Pollock, xa que **realiza un tipo de composición sen un centro de atención, sen recuadros nen xerarquía de formas, como un continuo desplégue de enerxía que persegue unha forma de acción**, a acción de pintar (**Accion Painting**), sendo máis importante o proceso que o resultado final.

A forza do artista que surxe do fondo do subconsciente, rompe todos os esquemas espaciais, como na súa obra *“Número 1”*, de 1949. A partir de 1951, Pollock ve como se agota a súa linguaxe, iniciando novas búsquedas pictóricas, mentras a crítica o tiña beatificado. Pero a súa contraditoria vida (alcoholismo, insatisfacción), o levará a unha temperá morte nun accidente de tráfico.

O INFORMALISMO: TAPIES.

É un movemento paralelo ó expresionismo abstracto estadounidense, tamén denominado *“tachismo ou abstracción matérica”*, que comparten ese automatismo e esa espontaneidade ou improvisación psíquica, con gran velocidade de execución e violencia na realización pictórica.

Dentro do informalismo hai dúas tendencias: unha xestual, e outra matérica, con gran importancia do táctil e expresivo á que se adscriben os españois Tapies e Millares.

Antoni Tapies, nado en 1923, pertence ó grupo catalán *“Dau al Set”*, formado por poetas, filósofos e pintores barceloneses, que se unen arredor da publicación dunha revista entre 1948-56, pero que a partir de 1951 comezan a disgregarse ó seguir cada un dos artistas diferentes camiños.

Tápies inclínase cara ó Informalismo, con **obras onde utiliza unha densa textura por empaste, utilizando materiais diversos nas súas pinturas** (area, moldes de cemento, rexillas), **buscando resaltar o matérico. Nas súas primeiras obras, dos anos 40 utiliza elementos figurativos e incluso oníricos ou máxicos** (influxo do surrealismo de Miró ou de Klee), pero **a partir dos anos 50, a figuración desaparece nas súas obras, volvendo a adquirir protagonismo a materia e a textura, con grosos empastes mistura de diversos materiais** (pó de mármore, látex, pigmentos...), sobre o que aparecen xestos, signos (cruces, letras) e imaxes de obxectos como rastros, pegadas e emblemas.

De todas as súas obras destaca *“Marrón e ocre”*, de 1959, a súa época madura, **onde predominan os tons graves** (marróns, grises e ocres).

O POP ART: ANDY WARHOL.

O termo Pop Art acuñouse a mediados 50 para designar a uns artistas que primeiro en Gran Bretaña e logo en EEUU comezaban a ter unha forza arrolladora e que eran o resultado dunha xeración partidaria dunha “nova cultura popular”, propia da sociedade consumista e de masas dos anos 60, en plena recuperación económica, e que fronte ó subxectivismo, o irracionalismo e a cultura científica, reivindicaba a realidade.

O Pop Art toma os seus temas da rúa, convertindo a civilización do consumo en obxecto artístico, tal como o transmiten os medios de comunicación e obtendo as imaxes deses “mass media” (medios de masas), como o cartel publicitario, o comic, os mitos do cine, da televisión e do rock and roll ou a iconografía comercial e publicitaria.

É a cultura do home da rúa, con imaxes frívolas, intrascendentes e superficiais, sen embelecelas e as veces incluso de mal gusto, sen requerir unha visión lenta e racional senón unha ollada rápida, xa que non interesa a realidade das cousas senón a súa representación, a súa imaxe obxectiva.

O Pop intégrase plenamente no modo de produción industrial, fabricando imaxes en serie que se venden como produtos de supermercado, con gran importancia da copia, da reprodución. Técnicamente son frecuentes as cores moi chillonas, utilizando procedementos de gran simplificación propios da publicidade e a imprenta, como o serigrafiado ou o enmarque.

Son obras en grandes formatos, onde o tema é o máis importante, por iso hai unha continua repetición de obxectos, cunha elaboración cuidadosa a pesar da súa factura impersoal condicionada pola reprodución mecánica de gran acabado.

Búscase pois, **atraer a atención do espectador cara todo o que a alta cultura desdeñou no pasado**, pero a **utilización de imaxes populares, vulgares ou de baixa cultura** a pesar de ser mellor entendidas polo público en xeral que os movementos abstractos, **provocaron rexeitamento por parte dun sector da poboación que non aceptaba a subversión dos procedementos artísticos tradicionais**.

A pesar diso, **o Pop sofre influencias de movementos anteriores como o cubismo, integrando obxectos e materiais cotiás como o “collage”, o futurismo, pola súa fascinación da moderna sociedade urbana, e sobre todo o dadaísmo de Duchamp** en particular polos seus “ready-mades”, pero cunha actitude máis optimista que os Dadá ante os grandes mitos da cultura visual que rodea ós habitantes das grandes concentracións urbanas.

O berce do Pop Art foi Londres, pero consolídase definitivamente en Nova York, onde aparece o seu máximo representante, Andy Warhol (1928-87), **xogando nos seus obras con obxectos e produtos moi populares de uso cotián** (botes de sopa, botellas de coca-cola, deterxentes...), **presentados sinxelamente ou reproducidos en serigrafía ou pintura, cun tratamento fotográfico ou publicitario**.

Iniciado no traballo de viñetas e comics, abandoa esta tarefa para adicarse a **representación de mitos visuais ou de imaxes comerciais difundidas nos “mass media”** (a silla eléctrica, accidentes de tráfico), mediante **o gravado fotomecánico, repetindo continuamente as**

imaxes, nas que utiliza unha cor procedente da fotografía e o revelado, convertindo esas imaxes en algo oco e vacío de significado.

O artista non pinta simplemente manipula, elexindo o tamaño, o formato e as cores do cadro, como si fose unha máquina.

ÚLTIMAS TENDENCIAS: HIPERREALISMO, OP ART, ARTE CINÉTICO.

O Hiperrealismo é unha corrente surxida arredor de 1966 en EEUU, con motivo dunha Exposición denominada “A Imaxe Fotográfica”, no museo Guggenheim de Nova York. É un movemento de éxito rápido pero fugaz, de escasa duración.

Posteriormente, en 1972, preséntanse en Europa baixo o nome de “Realismo Fotográfico ou Hiperrealismo”, o que fala da identificación deste movemento coa fotografía, como punto de partida e como aproximación a realidade, pero sen abandonar os pinceis. É unha tendencia que pretende ir “máis alá” do realismo, pero que resulta dunha escasa creatividade e excesiva frialdade, con cadros de gran formato de temas banais, cotiáns (escaparates, rúas, vivendas, coches, xente moderna), preferentemente o retrato e a paisaxe en primeiros planos.

Lévase pois o Pop as súas derradeiras consecuencias, tanto na pintura como na escultura, **utilizando materiais sintéticos, como resinas de poliéster ou fibras de vidro, ós que lle engaden pelo e roupas reais nas figuras humanas** (espídos femeninos, amas de casa...). Polo seu acabado mecánico este movemento foi chamado tamén “Cold Art”.

Os máximos representantes da escultura hiperrealista son John de Andrea e Duane Hanson, pero en España aparecen tamén un grupo de artistas madrileños entre os que destaca Antonio López, nado en 1936.

A obra de Antonio López, céntrase na figura humana, cun vigor realista extraordinario, igual que nos seus cadros das rúas madrileñas ou nas súas naturezas mortas, utilizando o óleo con tal perfección que lle permite **captar con enorme precisión e detalle as diferentes calidades dos materiais**. Diferenciase da escola americana nas súas tallas de madeira, de gran calidez e emotividade contida.